

**Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.****Comisaría de Aguas**
Ourense*Información pública*

Expediente: A/32/23059

Asunto: autorización en dominio público hidráulico.

Petitorio: Ayuntamiento de Vilamartín de Valdeorras.

NIF n.º: P 3208900E

Domicilio: Av. da Constitución, 8, 32340 Vilamartín de Valdeorras (Ourense). Nombre del río o corriente: regueiro de Rescouprín.

Lugar: carretera entre Valencia do Sil y Penouta.

Término municipal y provincia: Vilamartín de Valdeorras (Ourense).

Coordenadas (UTM-ETRS89): X = 659062 Y = 4696696

Breve descripción de las obras y finalidad:

Las obras consistirían en la reconstrucción de una obra de paso en el regueiro de Rescouprín mediante la instalación de un marco de hormigón de dimensiones 2x2 m y 10 m de longitud, construcción de aletas aguas arriba y aguas abajo de la misma y reconstrucción del firme de la carretera. Las obras se situarían en dominio público hidráulico del regato de Rescouprín y en zona de policía del río Sil, a una distancia mínima de aproximadamente 75 m del borde de cauce.

Esto se publica para general conocimiento por un plazo de un mes, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, OA, ante este organismo, en el Ayuntamiento de Vilamartín de Valdeorras, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, OA (Comisaría de Aguas, Progreso, 6, 32005 Ourense).

El jefe del Servicio. Fdo.: José Alonso Seijas.

R. 421

IV. ENTIDADES LOCAIS**IV. ENTIDADES LOCALES****O Bolo**

Bases de selección para a contratación laboral temporal, a xornada completa, dun operario de servizos múltiples

Primeira.- Obxecto da convocatoria

Constitúe o obxecto destas bases a regulación do procedemento de selección para contratar un traballador coa categoría de operario de servizos múltiples, dentro do Programa de Empregabilidade da Deputación Provincial de Ourense.

Segunda.- Natureza do contrato

A natureza do contrato será laboral temporal ao abeiro da lexislación vixente, iniciándose a prestación desde a data da sinatura do contrato e por un período de nove meses. Os primeiros quince días serán o período de proba.

Terceira.- Réxime xurídico da convocatoria

A relación rexerá pola lexislación laboral sendo de aplicación principalmente o Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores en materia

de contratos de duración determinada, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas e especialmente ás locais.

Cuarta.- Funcións

• Mantemento e revalorización de espazos públicos.

• Mellora de acceso a núcleos e reparacións nas construcións municipais.

• Mantemento das instalacións deportivas.

• Tarefas auxiliares na realización de todo tipo de actividades e servizos do concello.

• Xestión de augas e residuos.

• Protección e limpeza de zonas naturais.

Quinto.- Requisitos dos aspirantes

Para tomar parte na convocatoria, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea

Poderán participar, tamén, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes de españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea sempre que non estean separados de dereito.

Ter residencia legal en España e sen limitacións para o emprego, en caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos apartados anteriores.

b) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.

c) Ter cumpridos dezaioito anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima da xubilación forzosa.

d) Non estar afectado por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse inhabilitado para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. En caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que lle impida, no seu estado, e nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non estar incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

g) Estra en posesión do permiso de conducir clase B.

Sexta.- Documentación a presentar e prazo de presentación

1. As instancias nas que se solicita participar na convocatoria, nas que os aspirantes deberán manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias, dirixiráselle ao alcalde-presidente e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Bolo.

2. O prazo será de 5 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello do Bolo.

A presentación da solicitude poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello do Bolo ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De non presentarse no Rexistro Xeral do concello, os interesados, dentro do prazo de presentación, remitirán por fax ao concello o aviso de presentación da solicitude por algún dos outros medios.

3. Coa instancia acompañarase unha copia cotexada do DNI e de o carné de conducir e os documentos acreditativos dos méritos a que fai referencia a fase de concurso.



Sétima.- Sistema de selección

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de concurso de méritos, e entre os candidatos que no prazo establecido presentaran a súa documentación.

Baremo de méritos:

1) Experiencia profesional:

Por servizos prestados e ata un máximo de 10 puntos:

- Experiencia laboral en categoría igual en concellos: puntuarase con 0,5 puntos por mes traballado ou fracción superior a 15 días.

- Experiencia laboral en categoría igual no ámbito privada: puntuarase con 0,10 puntos por cada mes traballado ou fracción superior a 15 días.

Xustificarase coa copia dos contratos correspondentes

2) Coñecemento do territorio:

- Polo coñecemento acreditado do territorio: 2 puntos.

Acreditarase con certificado de empadramento cunha antigüidade mínima de seis meses.

3) Entrevista persoal (puntuación máxima 2,50 puntos).

A entrevista, que será obrigatoria e eliminatória, servirá para valorar os coñecementos do traballador, a idoneidade para o posto de traballo e o coñecemento do medio físico do Concello do Bolo

Oitava.- Tribunais de selección

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, estará integrado por un presidente, dous vogais e un secretario e os seus respectivos suplentes, sendo nomeados polo alcalde do concello e publicados no taboleiro de anuncios.

Todos os membros do tribunal deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e terán voz e voto.

Segundo o recollido no artigo 60 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, tendo así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

O tribunal poderá dispor a incorporación, aos seus traballos, de asesores especialistas, que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do tribunal poderá requirir os membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a.

O tribunal actuará con suxeición as bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ao previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Novena.- Procedemento de selección

Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, o presidente ditará resolución no prazo máximo de tres días naturais, na que declare aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de edictos do concello, indicarase a causa da exclusión, concedendo un prazo de tres días para corrixir os erros, incluíndo ademais a designación dos membros do tribunal de selección.

Por Resolución de Alcaldía determinarase o lugar, data e hora de realización da entrevista, que será publicada no taboleiro de edictos da casa do concello.

Os aspirantes serán así convocados para a realización da entrevista en chamamento único, sendo excluídos da selección os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas. Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI ou pasaporte.

O tribunal procederá a realización da entrevista, e en segundo lugar procederase á valoración dos méritos alegados polos/as candidatos/as, publicándose no taboleiro de anuncios do concello as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Para valorar os méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas); en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificadas.

Todas as notificacións que se realicen respecto a este procedemento de selección,

levaranse a cabo, de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do concello.

Os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando tomar parte no proceso, dan a súa autorización para que se empreguen os seus datos persoais.

Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia á puntuación obtida dentro da experiencia profesional; de persistir o empate, a persoa que leve máis tempo empadroadada no concello.

O tribunal, en ningún caso, poderá propoñer un número superior de aspirantes a contratar que o de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

Décima.- Proposta e nomeamento

Valorados todos os méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o tribunal formulará a proposta de nomeamento a favor do candidato que obtivese a maior puntuación, publicándose no taboleiro de anuncios do concello.

Undécima.- Incidencias

Contra estas bases, a convocatoria e cantos actos se deriven das mesmas e da actuación do tribunal, poderanse interpoñer recursos polos/as interesados/as nos casos e na forma previstos pola lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar resolucións, criterios ou as medidas necesarias para o bo desenvolvemento do proceso naqueles aspectos non previstos por estas bases.

Documento asinado electronicamente.

(Ver anexo páx. 10)

ANEXO I
Modelo de instancia

Primeiro apelido _____

Segundo apelido _____

Nome _____ DNI _____

Tfno.: _____ Correo electrónico _____

Domicilio a efecto de notificacións _____

DECLARO:

1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen este convocatoria

2º.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria

3º.- Que autorizo ao Concello do Bolo á publicación dos meus datos persoais, no taboleiro de anuncios de concello, ao ser a publicidade uno dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección

SOLICITO:

Ser admitido na convocatoria para a selección dun traballador coa categoría de operario de servizos múltiples, co fin de participar nas probas de selección correspondente.

O Bolo, de de 2019

Asdo.:

SR. ALCALDE DEL AYUNTAMIENTO DE O BOLO